



Concello do Porriño

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DO PORRIÑO E A ASOCIACIÓN AAVV SAN BENITO E SAN SEBASTIÁN (G27715911) PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “BARRIOS DE ORIXE”

Expte. 4630/2020

REUNIDOS NA DATA EXPRESADA NA MARXE:

Dunha parte, Dona Eva García de la Torre, co D.N.I. nº 31635917 S na súa condición de alcaldesa-presidenta do Concello do Porriño, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime Local (artigo 61.1.a)) da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e artigo 21.1.b) da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. *(artigo 21 redactado polo apartado 1 do artigo primeiro da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local)*

Doutra,
Dona Carmen Rodríguez Martínez, con [D.N.I. 76889772](#) Presidenta da AAVV San Benito e San Sebastián con CIF G27715911 en virtude de nomeamento aprobado en Asemblea Xeral celebrada o 15/06/2018 , actuando no seu nome e representación, como interlocutor válido ante as institucións e organismos oficiais, públicos e privados.

Os comparecentes , no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente convenio.

E acordan o seguinte,

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1. Obxecto e vixencia do convenio.-

a) Obxecto:

De conformidade co art. 25.2 da Lei 7/85 do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, é competencia deste Concello a promoción da cultura.





Concello do Porriño

1.- O proxecto que se pretende subvencionar é unha iniciativa desta asociación que ten como obxectivo impulsar o coñecemento dos barrios históricos do Porriño para valorizar os seus entornos, patrimonio turístico e etnográfico, comercial e sociocultural a través dun proxecto dixital como o que existe xa en moitos espazos urbanos nos que a sociedade civil está a impulsar medidas de dinamización.

O proxecto plantexa un espazo web e redes apareladas que permitan impulsar a actividade do barrio, coas seguintes funcionalidades:

- Explicación do proxecto
- Historia dos barrios tradicionais
- Patrimonio arquitectónico
- Eventos de referencia
- Arquivo gráfico
- Espazos gastronómicos e comerciais
- Roteiro guiado e curiosidades
- Espazo peregrino
- Novas e actualidade.

2.- A acción promovida é unha acción de gasto singular que únicamente pode promover a asociación implicada polas súas características propias, polo que non é posible acudir ao procedemento ordinario de subvencións, dada a inexistencia de outros obxectos de análoga categoría susceptibles de ser subvencionados no término municipal, polo que poderíamos catalogar o expediente de “excepcional”.

É por este motivo que o Concello considera de interés público axudar a asociación á a afrontar este custe que non poder asumir a asociación concedéndolle unha subvención por importe de 2.000 euros.

Vixencia:

Este convenio ten a única finalidade de actuar como acto de formalización da colaboración do Concello e a Asociación para a subvención , que ten carácter post-pagable por terse presentado,





Concello do Porriño

xunto coa solicitude a conta xustificativa que acredita a realización do gasto do proxecto.

TÍTULO II

BENEFICIARIO.- DEREITOS E OBRIGAS.

ARTIGO 2. Dereitos e Obrigas do beneficiario.

Son obrigas do beneficiario:

1. Aceptar a subvención. En caso de que isto non sexa posible deberá renunciar a ela de forma expresa e motivada, no prazo de quince días, dende a sinatura do convenio.
2. Someterse as actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, aportando tanta información que sexa requirida no exercicio destas actuacións e que estean relacionadas coa concesión da subvención.
3. Dar conta ó Concello das modificacións que poidan xurdir na realización do proxecto, xustificándoas adecuadamente.
4. Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.
5. Acreditar con anterioridade a sinatura do convenio que se encontra ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.
6. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.





Concello do Porriño

7. Deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención.
8. Proceder ó reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no art. 37 de la LXS (Causas de reintegro).
9. Autorizar ao Concello do Porriño a solicitar ós departamentos responsables, e comprobar de oficio, os datos e a documentación que acredite que se achan ao corrente das súas obrigas Tributarias.

TÍTULO III

DISPOSICIÓN PARTICULARES.

ARTIGO 3. Relacións laborais.

A asociación deberá cumprir coa normativa vixente en materia laboral e fiscal. En ningún caso as persoas que integren o persoal da entidade, calquera que sexa a súa categoría, terá vínculo laboral co Concello por dito concepto.

O concello poderá esixirlle ao beneficiario , si así o considerase oportuno, as xustificacións de estar cumprindo dita normativa.

ARTIGO 4. Difusión do acordo.

A asociación fará constar do xeito máis amplo posible a colaboración existente por parte deste Concello, citando en carteis, edicións ou calquera medio de difusión o acordo con esta institución.

ARTIGO 5. Seguros civís .

A entidade queda na obriga, de ser necesario, de ter os seguros civís que esixa a normativa vixente. O concello poderá, si





Concello do Porriño

así o estima oportuno, facer as comprobacións pertinentes a este respecto e solicitar copia de ditos documentos.

TÍTULO IV

GASTOS SUBVENCIONABLES, IMPORTE, IMPUTACIÓN ORZAMENTARIA, XUSTIFICACIÓN E PAGO.

ARTIGO 6. Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan a natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido no presente convenio. No presente caso a finalidade é a realización do proxecto descrito .

ARTIGO 7.- Importe e imputación orzamentaria.

O Concello comprométese a conceder directamente á asociación unha subvención por importe de dous mil (2.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 334.4800012 do vixente orzamento municipal.

ARTIGO 8. Xustificación.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención, documentarase a través da rendición da **conta xustificativa**, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquer outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A conta xustificativa presentada pola asociación consta da seguinte documentación:

1.- Memoria de actuacións.

2.- Memoria económica, na que se achegan as seguintes facturas:

N.º	Data	Importe	Empresa	Concepto
A/201019	10.12.2020	500,00	Imprenta Paz	Impresión separata



Cod. Validación: 4KNFEQY9WUJ2THZLFL5H2755F | Corrección: https://oporino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 8



Concello do Porriño

42	07.12.2020	1.500,00	DG comunicación	Deseño espazo dixital
----	------------	----------	-----------------	-----------------------

3.- Certificados de inexistencia de débedas tributarias e fronte á seguridade social.

Deberá achegarse escrito no que se reflicte que a factura non foi entregada en ningún organismo oficial de cara a obtención de novas subvencións e que a mesma somente foi entregada no Concello do Porriño. En caso de que existan subvencións para a mesma finalidade, deberán comunicarse e indicar a porcentaxe que representan sobre o importe total.

O importe das subvencións en ningún caso poderán ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou de outros entes públicos ou privados, sexan autonómicos, estatais ou internacionais, supere o orzamento do proxecto para o que se solicita.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, toda a documentación deberá presentarse a través de medios electrónicos.

ARTIGO 9. Pago.

Antes de proceder ao pagamento da subvención o beneficiario deberá acreditar estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar mediante declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Asimesmo deberá achegar a seguinte documentación:

Declaración responsable na que se reflicte que as facturas non foron entregadas en ningún organismo oficial de cara a obtención de novas subvencións e que as mesmas somente foron entregadas no Concello do Porriño. En caso de que existan subvencións para a



Cod. Validación: 4KVFQY9WUJ2THZLF5H2755F | Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 8



Concello do Porriño

mesma finalidade, deberán comunicarse e indicar a porcentaxe que representan sobre o importe total.

TÍTULO V

COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

ARTIGO 10.- Comisión Mixta.

Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na aplicación do contido do Convenio, constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento do convenio composta por dous representantes da Entidade beneficiaria da subvención e dous representantes municipais, actuando como presidenta da mesma a Concelleira/delegada de cultura. Esta comisión será a encargada de resolver os problemas de interpretación e cumprimento que puideran plantexarse durante o desenvolvemento do convenio.

TÍTULO VI

PROCEDEMENTO DE REINTEGRO

ARTIGO 11. Reintegro.

O órgano que concede será o competente para esixir do beneficiario o reintegro de subvencións cando aprecie a existencia dalgún dos supostos de reintegro de cantidades percibidas establecidos no art. 37 da Lei Xeral de Subvencións o polo incumprimento dalgún dos artigos do presente convenio. A devolución de cantidades axustarase ó procedemento establecido no artigo 42 da Lei.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de reintegro será de doce meses dende a data do acordo de iniciación.

Prescribirá ós catro anos o dereito da Administración a recoñecer ou liquidar o reintegro, computándose segundo o establecido no art. 39.2 da Lei.

TÍTULO VII

INFRACCIÓN E SANCIÓN ADMINISTRATIVAS.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR



Cod. Validación: 4KNFEQY9WUJ2THZLFL5H2755F | Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 8



Concello do Porriño

ARTIGO 12. Infraccións e Sancións.

Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei Xeral de Subvencións e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

Se atenderá en canto a tipificación e procedemento ó previsto no título IV da citada lei.

No caso de incumprimento por parte da asociación dos artigos deste convenio, ben por separado ou no seu conxunto, o Concello poderá rescindilo, esixindo no seu caso o reintegro da cantidade a conta recibida.

**(asinado dixitalmente á marxe) A presidenta,
Carmen Rdez. Martínez**



Cod. Validación: 4KNFEQY9MWJ2THZLFL5H2755F | Corrección: <https://oporrio.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 8